

*Escolas Infantís Municipais. Curso 2023-2024*

**INFORMACIÓN SOBRE AS LISTAXES PROVISIONAIS DE SOLICITUDES ADMITIDAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS**

1. Os expedientes están identificados do seguinte xeito:
  - a) No caso de presentación presencial no rexistro do concello: número de rexistro de entrada/23
  - b) No caso de presentación a través da sede electrónica: RT últimos catro díxitos do número de rexistro/23
2. *Recorde que estas listaxes son provisionais, polo que a adxudicación de praza ou a concesión de posto na listaxe de agarda pode variar respecto da listaxe definitiva.*
3. O carácter provisional destas listaxes outorga a posibilidade de que presente **RECLAMACIÓNS** cando aprecie incorreccións nalgún dos datos da súa solicitude ou se producira un erro de omisión. Estas reclamacións deberán presentarse no rexistro xeral ou ben na sede electrónica do concello **ATA O 25 DE MAIO (ESTE INCLUÍDO)** a través de instancia que se acompañe de xustificación documental suficiente.
4. Esta administración tamén poderá promover de oficio a emenda de erros que se aprecien durante o período de reclamacións.
5. Se quere consultar o seu expediente debe dirixirse aos servizos sociais comunitarios de luns a venres, en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou ao teléfono 881 819 356.
6. Recomendáselle a todas aquelas persoas que atopen algunha anotación xunto aos seus datos que lle cause dúbida, que consulten nos servizos sociais comunitarios as causas que a motivan.
7. Lembre que só unha vez que se publiquen as listaxes definitivas se procederá á apertura do prazo de matrícula para todas aquelas persoas que conseguen praza nalgunha das escolas municipais. Este prazo de matrícula desenvolverase entre o 1 e o 15 de xuño (ambos incluídos).

## NOTA EXPLICATIVA DAS ABREVIATURAS E SÍMBOLOS EMPREGADOS NA ELABORACIÓN DAS LISTAXES

“**R ou puntos en NI**”: indica se se trata dunha solicitude que accede a través de reserva de praza (R) ou novo ingreso (NI). Neste último caso o dato que se inclúe na columna refírese á puntuación provisional.

“**Praza**” ou “**Agarda**”: na columna denominada “situación” aparece unha destas dúas posibilidades en función de se a persoa consegue praza de maneira provisional (“praza”) ou se, no seu caso, se incorporaría ás solicitudes en listaxe de agarda (“agarda”) para este curso e con posibilidade de incorporación en función de que se produzan vacantes.

“**praza T**”, “**praza C**” ou “**praza R**” indica no caso de solicitudes para varios centros aquel en que conseguiu praza.

En todo caso, unha vez efectuada a matrícula na praza adxudicada as solicitudes serán eliminadas da listaxe de agarda dos outros centros, permanecendo unicamente en agarda no mesmo centro no que conseguen praza, caso sexan solicitantes doutra quenda distinta á aquela na que se matriculan.

Indica a concorrencia dalgunha das circunstancias reguladas na normativa que determinan a prioridade no acceso a praza como:

- “**PU**”: Procedente de praza de urxencia no curso 2022-2023.
- “**NEAE**”: Nenos/as con necesidade específicas de apoio educativo.
- “**FTE**”: Filla/o de traballadora/or das escolas.
- “**IPR**”: Irmá/irmán con praza renovada.